

¿Sabéis quienes son los responsables? **A construción do mito da Guerra Civil: Galicia, febreiro-agosto 1936**

EMILIO GRANDÍO SEOANE

Universidade de Santiago de Compostela

RESUME

Este artigo pretende salientar as diferencias entre as motivacións iniciais da sublevación militar do 18 de xullo de 1936 e o seu desenvolvemento posterior a partir da non resolución agardada dos seus planos de toma inmediata do poder. A modulación deste discurso maniqueo, que mesmo chega ata os nosos días, influe na definición do contexto do goberno da Frente Popular e, no seu conxunto, do réxime republicano. As dúas etapas históricas, II República e Guerra, resultan unidas intencionadamente no discurso do franquismo, precisamente para procurar a súa lexitimidade a partir da victoria nos campos de batalla.

Palabras-Chave: II República, Frente Popular, golpe militar, franquismo, Guerra Civil Galicia.

ABSTRACT

This article tries to underline the differences between the initial justifications of the coup d'état of July the 18th 1936 and the later development after the planned seizure of power. This manicheist discourse, which has survived til our days, casts its shadow over the definition of the context of the government of the Popular Front and, more globally, the Second Republic as a whole. Both historical phases, Second Republic and Civil War, are intentionally linked in the Francoist discourse in order to achieve legitimacy after their victory in the battlefields.

Keywords: Second Republic, Popular Front, military coup, Francoism, Civil War in Galicia.

*De todos los hechos supuestos que se traslucen a través del sumario,
¿sabéis quienes son los responsables? Casares Quiroga, Emilio González y José Miñones,
verdaderos soliviantadores de la paz y tranquilidad de esta bendita tierra,
para juzgar a los cuales no basta un Código de Justicia Militar,
dado que con un millón de vidas no pagarían los daños causados¹.*

1 Arquivo do Tribunal Militar Territorial N° IV de Ferrol, Causa 357/37, páx. 268b.

¿Sabéis quienes son los responsables? Esta frase foi utilizada nos alegatos de defensa nun xuízo ante un Tribunal Militar galego nos anos da guerra civil. O seu fin era exculpatorio, xa que o abogado militar pretendía desviar a argumentación respecto da culpabilidade do acusado, insistindo en que foran a elite dos políticos de esquerda da Segunda Republica os que foran quen de enganar, dirixir e manipular no seu propio beneficio á ‘xente incrédula’ que ostentaban cargos políticos locais. Referíanse a unha suposta maldade intrínseca da política profesional, e que provoca de xeito inevitable a guerra civil, e decir, a fractura en dúas metades do Estado.

Pois ben, estas liñas abordan precisamente esa argumentación. Ou mellor dito, a creación desa argumentación, que aínda que foi difundida nos derradeiros meses da República, non era precisamente o principal elemento que animou á conspiración e o golpe militar da primavera e do verán do 36. Esta argumentación tivo que adaptarse: por que o que na metade do mes de xullo fora plantexado como un novo pronunciamento militar con actitudes de violencia directa contra dirixentes institucionais concretos, derivou a finais dese mes nunha situación de guerra de trincheiras, cun tempo de conclusión indefinido. Afondaremos nesta cuestión a partir de documentación interna da conspiración de primeira man, inédita ata a data, da pouca que existe deste carácter, e que permitiranos achegarnos ó coñecemento dos incentivos e motivacións do golpe militar contra a República de xullo de 1936.

En definitiva, achegarémonos os motivos reais do golpe militar que levou tras unha guerra de tres anos a instauración do réxime dictatorial do Xeneral Franco. Resulta obvio indicar que todo proceso político ten que ter moi en conta as súas orixes, xa que o seu desenvolvemento posterior atoparase marcado por elo. Pois ben, é indudable que o réxime franquista procurou a súa legalidade, é decir, a lexitimidade do seu sistema político e o refrendo necesario do mesmo, e que nunha suposta capacidade que tivo a través da victoria se atopaba de frear unha imaxinaria situación de inestabilidade institucional republicana, e da constatación dunha sociedade esgazada en dúas metades, presente de xeito previo ó conflito armado. Mais esta foi unha construción proposta *a posteriori* da preparación e realización do golpe de xullo. Aquela foi a versión difundida e que extendéuse durante os cuarenta anos do franquismo, e mesmo chegou ata os primeiros anos do réxime democrático actual. Esta explicación tópica e maniquea da existencia das dúas Españas antes de xullo de 1936 elabórase como unha necesidade dos sublevados para convencer ideolóxicamente dos supostos beneficios dun conflito a grande escala. Antes do 18 de xullo non había só dúas Españas, senón variadas e diversas perspectivas sobre como encauzar o sistema democrático tras unhas eleccións moi polarizadas. De feito, entre elas había opcións que defendían a violencia activa como elemento directo de actuación política, máis non eran as maioritarias, senón precisamente todo o contrario². Incluso a dereita

2 *Debe ensayarse, pues, una explicación mucho más compleja que la centrada en la simple polarización política, que no fue cierta ni siquiera en el momento clave de la Guerra Civil, ya que, si bien la conspiración militar trató de dar coherencia estatal a una violencia contrarrevolucionaria enormemente*

contemporizou nestes meses con algunhas realizacións do goberno republicano de esquerda como xa veremos.

Porque esta tese da fractura social previa non só lexitimou a guerra e o conflito, senón tamén o franquismo, nos seus casi cuarenta anos de duración, e as súas prácticas e a súa mensaxe influíu en varias xeracións posteriores. Non é ata poucos anos cando comenázase a difundir, a partir dos traballos dos historiadores, unha nova versión sobre o golpe militar. De feito, a práctica unanimidade das investigacións actuais sobre o tema, o unir as dúas etapas –golpe militar e desenvolvemento do conflito a través da represión– semellan pegadas. Mais tamén estas mesmas investigacións locais, analizadas polo múdo, permiten percibir as diferencias de plantexamento dos primeiros días respecto da aplicación a partir de agosto dun endurecemento das estratexias militares.

Porque a dimensión e a influencia dunha guerra civil é tan grande na sociedade que a padece aquel que dura moito tempo en desaparecer. Se a elo lle engadimos unha construción das súas causas difundida interesadamente por un rexime dictatorial para a súa supervivencia e lexitimidade última, temos unha situación que precisa dunha sosegada análise. Porque non todo conflito social, da magnitude que fora, remata necesariamente nunha guerra civil. Nin tan siquera nun entorno e nun contexto histórico como o de entreguerras co ascenso dos totalitarismos de esquerda e de dereita.

Para achegarnos a esta interpretación traballamos sobre todo dende a aportación dalgunhas Causas Militares incoadas durante os anos do conflito na sede da VIII División Militar situada na cidade da Coruña. O ámbito territorial da mesma abarcaba moito máis alá das catro provincias galegas, mais referirémonos como obxecto de estudo ó proceso iniciado dende a sede herculina con relación ó golpe no entorno das circunscricións galegas.

A propaganda política das eleccións do 19 de febreiro de 1936 tanto na esquerda como de dereita foi levada adiante cun discurso moi combativo. As dúas grandes coalicións electorais, Frente Popular e Bloque Contrarrevolucionario, non contemplaban a posibilidade da derrota nas urnas, cando menos no seu discurso. Dende 1933 coa chegada do goberno nazi ó poder da Alemaña de Weimar, a percepción do panorama político europeo e mundial cambiou de xeito radical. De feito, coído que é moi difícil entender os feitos de outubro de 1934 sen este cambio xeopolítico, tanto por unha dereita que queda embelesada co seu acceso ó poder e a súa parafernalia política, como pola esquerda que ve como é posible a elección dun goberno fascista, nun sistema democrático e representativo... como o seu. Tras un ano 1935 de tensa e ficticia calma política, chégase ás eleccións de febreiro do 36 considerando os aparellos propagandísticos das dúas grandes coalicións que o que van a acometer é a derradeira batalla política.

dispersa, generó dinámicas centrifugas de alcance regional, comarcal y local; González Calleja, E.; 'La dialéctica de las pistolas. La violencia y la fragmentación del poder político durante la Segunda República', en Muñoz Soto, J.- Ledesma, J.L.- Rodrigo, J. (coords); (2005), *Culturas y políticas de la violencia. España siglo XX*, Editorial Siete Mares, Madrid, páx. 146.

Mais tras coñecer o resultado electoral favorable á esquerda, o que se difundiu durante anos e xeracións foi precisamente que algo rompérase tras elas. Era necesario pregoar esta idea para xustificar as tentativas no mesmo día de coñecer o resultado en boa parte de dirixentes da dereita política de convencer a un xefe de gabinete Portela Valladares da necesidade de proclamar o estado de guerra. Dese xeito o mando recaería na estrutura militar designada por Gil Robles durante a súa etapa como Ministro da Guerra³. Non só persoaxes da dereita política tentaron facer isto: tamén militares conservadores como o mesmo Franco aconsellaba neste senso a Portela nas horas posteriores a victoria electoral da esquerda.

Se esta foi a reacción inmediata das posicións de dereita, na esquerda o día seguinte ás eleccións, o 20 de febreiro, xeralizábase por todo o Estado expresións de xúbilo, e tamén altercados e alteracións de orden público, especialmente o ataque ós recintos e institucións eclesiásticas. O novo goberno de Azaña aínda non tomara o poder. Nos días seguintes ata as primeiras semanas de marzo repetiríanse os ataques de anticlericalismo aínda que xa con menor intensidade.

Mais trascurridas estas expresións radicalizadas o rumbo político tenta reconfigurarse con normalidade. Un par de datos suficientemente elocuentes do novo rumbo que tomaba a dereita tentando –tamén ela– reconducir o sistema:

- 1) Unha das primeiras accións da dereita parlamentaria tras a derrota electoral foi precisamente votar favorablemente á aprobación da Lei de Amnistía respecto dos presos de outubro de 1934. Esta, que fora unha das principais –senón a máis importante– bandeira electoral da coalición Frente Popular, foi finalmente apoiada polos mesmos representantes políticos que a combatiran sistemáticamente días antes.
- 2) O recoñecemento nesta dereita política do liderazgo de Azaña do novo período que se achegaba. O político reformista, o líder da esquerda, foi saudado nestes primeiros meses pola prensa conservadora, os mesmos que días antes o demonizaran, como o derradeiro salvador da República, como o ‘dique fronte ó comunismo que España precisaba’. A súa elección como Presidente da República reafirmou este rol nestes

3 A perda do poder político era realmente o que animaba ós políticos da dereita a apoiar medidas violentas. González Calleja alude a unha fracasada tentativa de golpe dende o mesmo goberno antes de rematar ó ano 1935, manobra que se ve desbaratada pola loita de protagonismos entre os líderes conservadores: *El 11 de diciembre de 1935, en plena tormenta suscitada por el inminente relevo de Gil Robles de la cartera de Guerra, Alcalá Zamora y el ministro de Gobernación, J. de Pablo Blanco, decidieron movilizar fuerzas de Policía para prevenir una reacción armada del entorno del ministro. De hecho, cuando el subsecretario Joaquín Fanjul le propuso un golpe de Estado, Gil Robles no le disuadió, sino que le encargó consultar con el jefe del Estado Mayor Central, general Franco. Una reunión nocturna entre Fanjul, Poded y Varela fue interrumpida cuando el Teniente Coronel Valentín Galarza transmitió un encargo de Calvo Sotelo intimando a oponerse al 'golpe de Estado presidencial' mediante otro golpe, pero no hubo acuerdo porque los políticos no estaban dispuestos a asumir desde un principio la responsabilidad de un movimiento, y porque el Ejército seguía dividido en una posición mayoritariamente 'atentista'*; idem, páxs. 141-142.

días, aínda que poucos meses antes presentáranse notables acusacións no mesmo Parlamento, dun claro obxectivo de derribo político.

Estas accións da dereita católica –que non esquezamos, era a hexemónica no espazo conservador– nestes meses lévanos a certas conclusións: que a maioría da sociedade conservadora vía con claro medo, debido á propaganda previa e o seu discurso catastrofista, a derrota, mais tampouco apostaban maioritariamente polo apoio a unha situación de cambio a través dunha opción violenta. Sen embargo, hai que ter en conta un elemento que acelerou o proceso político nestes días. A coalición electoral Frente Popular, creada como unha plataforma para a procura de votos –e a súa optimización na representación parlamentaria–, configurouse logo como se dun partido político se tratara. No troco das corporacións locais tras os resultados de febreiro pretendíase a reposición dos suspendidos durante todo o ano 1934. Pois ben, no caso galego cando menos isto só se realizou naquelas sociedades en que o Comité Local da Frente Popular respectivo estivera de acordo; se non fora así, nomeábanse novos representantes locais, afíns á FP. Isto complicouse polo mesmo sistema de representación dos Comités, xa que as súas decisións atendían máis a unha representación aritmética de forzas tomadas de xeito individual tendo pouco en conta a forza que tiveran atrás, co que a influencia das organizacións máis radicalizadas incrementouse nestes primeiros días. De feito, cando menos na provincia da Coruña os grupos de Izquierda Republicana tentaban retomar a perdida posición de privilexio dos grupos *casaristas* os anos anteriores, como acontece nos casos das Alcaldías de Santiago e A Coruña. Mais isto tñíano que realizar con cautela, xa que a súa maioría parlamentaria, é dicir, o poder último do goberno do Estado, dependía precisamente dos apoios desta coalición. Tamén das forzas de esquerda máis radicais como se amosa nas referencias á unidade da FP realizadas por Casares Quiroga días antes do golpe de estado⁴.

Ese contido de ‘clase’ auspiciado polos grupos sindicais e obreiros foi perfectamente observable nas manifestacións do primeiro de maio realizadas en todo o Estado. A parafernalia e estética das mesmas reflectía unha sensación de victoria, que non foi precisamente ben vista polo mundo conservador e o seu medo ó desbordamento das masas. De feito, o mesmo Franco, mando militar en Tenerife durante esas datas, mandou poñer ametralladoras ó paso da manifestación ante ‘previsibles alteracións da orde pública’, circunstancia que non chegou a acontecer por mandato expreso do seu Gobernador Civil⁵.

Mais estas accións e manifestacións, aínda que serviron para reafirmar as posicións dalgúns, non supuxeron un cambio radical naquelas organizacións de dereita que apostaban pola vía violenta. No salto cualitativo nestas opcións violentas foi fundamental Falange Española na súa tentativa de asinamento do xurista Jiménez de Asua o 12 de marzo. Este feito,

4 Ver en Grandío Seoane, E., (ed.); (2006), *Casares Quiroga. Discursos Parlamentarios*, Edicións do Castro, Sada, páxs. 257-258.

5 Cruz, R.; (2006), *En el nombre del pueblo. República, rebelión y guerra en la España de 1936*, Siglo XXI, Madrid, páxs. 145-146.

xunto a súa tradición violenta, provocou a súa prohibición como partido político, e a súa clandestinidade operativa, moi util para a conspiración militar dentro dun papel maioritario de enlace.

E decimos ben, conspiración militar, porque aínda que moito se leva pregonado sobre o tema, o mando da conspiración, do golpe e logo, da deriva en guerra civil e tamén do seu desenvolvemento no chamado bando ‘nacional’, sempre estivo nas máns dos sectores militares. Non queremos voltar a insistir eiquí pola extensión do traballo na tradición histórica insurreccional do Exército español, independentemente das súas posicións progresistas ou conservadoras. O Exército español, na súa autoconsideración como garante da orde pública asume un papel protagonista na política española contemporánea que continúa durante as tres primeiras décadas do século XX. Esta perspectiva do poder das armas acelérase coa implantación en España case de xeito inédito ata aquel intre dun sistema democrático que pretende precisamente darlle instrumentos á sociedade civil, darlle os medios para asumir os seus dereitos políticos plenos⁶.

Ademáis hai un feito engadido que serve tamén para entender ás apelacións constantes ó exército, especialmente realizadas polos grupos conservadores. Pola contra do que acontece noutros estados europeos, nestes anos trinta en España non existe a figura do excombatente como podía existir en Alemaña ou Italia. Os combatentes na guerra de Marrocos non amplían ese perfil. O seu fora máis un conflito de carácter especificamente colonial. Isto impedíu que antes do golpe xenerárase unha forte milicia de contido paramilitar que tensara nunha maior medida o panorama político. Máis tamén reafirmou o papel do Exército como derradeiro garante da orde pública do Estado.

Dende o mesmo momento da derrota electoral existen informacións da conspiración militar conservadora. En locais da cidade da Coruña xuntanse dende os últimos días de febreiro militares desta tendencia para abordar o tema. Estas xuntanzas foran recoñecidas na práctica polos mesmos mandos da cidade, que dispuxeron un servizo de vixilancia nos cuarteis da cidade herculina dende horas despois das eleccións⁷. As súas visitas as dirixía o Xeneral Caridad Pita, man dereita do Xeneral de División Salcedo. De feito as visitas realizadas por Caridad –*por delegación de autoridade superior*– tiñan un obxe-

6 *Lo notable fue que la ‘solución’ al bloqueo provocado por la mútua anulación de estas estrategias de acción política llegase de la mano de un hecho violento tan convencional como un golpe militar; cuyo fracaso parcial tras la briosa respuesta popular derivó en una anacrónica guerra civil. Esta no fue, contra lo que pudiera pensarse, el resultado de una era de violencia, sino la consecuencia de una situación de conflicto múltiple imposible de canalizar, y que liberó la agresividad política de forma brusca e incontrolada por vías ya definitivamente alejadas de las instituciones; González Calleja, E.; (1999), *El Mauser y el sufragio. Orden público, subversión y violencia política en la crisis de la Restauración (1917-1931)*, CSIC, Madrid, páx. 645.*

7 *Desde las elecciones de febrero se montó un servicio de parejas de vigilancia exterior de Cuarteles toda la noche, sin que sepa de otras medidas... Que en el puesto de la Capital se había establecido muy anteriormente al Movimiento un servicio de vigilancia con dos patrullas de tres guardias cada una y en los últimos días se estableció vigilancia en las ventanas de los dormitorios que dan a la calle; Archivo do Tribunal Militar Territorial N° IV de Ferrol, Causa 613/37, páxs. 305 e 306.*

tivo constante: a sorpresa. Así citan o xeito en que teñen lugar as *visitas* algunhas testemuñas:

El General Caridad a altas horas de la noche con su Ayudante Goizueta, se presentaban en las puertas de los cuarteles, llamaban y se introducían en la Sala de Banderas, y rápidamente recorrían las distintas dependencias como si quisiese buscar gente extraña al Regimiento o a Oficiales que no estuviesen de servicio; que esto lo hizo muchas veces en el Cuartel de Infantería, y sabe que también hizo lo propio en el de Artillería e Intendencia...

*Desde hace algún tiempo antes de declararse el estado de guerra el General Caridad y su Ayudante iban frecuentemente por la noche al Cuartel de Artillería; que unas veces lo hacían de paisano y otras de uniforme; que cuando iban de paisano solía pararse el coche en la puerta y no entraban, limitándose el Ayudante a preguntar por la mirilla al Oficial de guardia, de parte del General, si ocurría alguna novedad, retirándose después; que cuando iban de uniforme entraban en la Sala de Estandartes, estaban un rato de conversación con los Oficiales y luego se marchaban*⁸

A vixiancia disposta pola mando superior da División nestes Cuarteis foi, como se pode comprobar, rápida e efectiva durante estes meses. Non estabamos a falar dunha cidade calquera, senón da sede dunha xurisdicción militar moi ampla. Mais tamén hai que dicir que as relacións entre militares e representantes políticos do Estado non eran precisamente o que se dí moi estreitas. É mais, según as posteriores declaracións de Salcedo, nin existiran: nunca se entrevistara co Gobernador Civil Pérez Carballo⁹. As informacións que lle chegaban a Salcedo sobre a posibilidade de actividades conspirativas nas tropas ó seu mando non procedían dos políticos, senón de instancias militares superiores¹⁰.

Toda esta situación de incomunicación institucional hai que insertala naquel contexto do goberno da FP. En apenas cinco meses houbo unha aceleración da vida pública moi notable, ademais dun evidente cambio de orientación política que precisaba do seu pouso de tempo. Precisamente a conspiración acelerouse en boa parte por que o tempo xogaba en contra do éxito dela. A oposición á política da FP, principal liña argumental

8 ATMT N° IV, Causa 962/36, páxs. 46b e 69-70.

9 Na lectura de cargos da Causa do Xeneral Enrique Salcedo este insistía con rotundidade neste aspecto: *Durante toda la estancia del exGobernador Civil en su cargo y en La Coruña nunca ni una sólo vez le visitó el General Salcedo en su despacho oficial de Gobernador Civil, ni tampoco nunca, ni una sólo vez el repetido exGobernador Civil le visitó al General en su despacho oficial de la División y ruega el declarante que se dé todo el mundo cuenta de lo que esto quiere decir, ya que seguramente nunca en la vida y en ninguna población o capital de España se habrá dado un caso semejante de aislamiento y de falta de relaciones entre las primeras autoridades civiles y las primeras autoridades militares*; ATMT N° IV, Causa 413/36, páx. 389.

10 Concretamente dos titulares do Ministerio da Guerra. Todos os seus ocupantes –según a súa cita, dende o 7 de febreiro– lle faláron *muy mal* respecto dunha figura coñecida nos ámbitos militares: o Coronel Martín Alonso; idem, páx. 379.

dos militares sublevados nos primeiros momentos, ía desfacéndose de xeito que o novo goberno se ía cimentando e consolidando, aínda dos procesos de violencia política que existían nestes meses. E sobre todo, desfacendo a idea da inestabilidade e do enfrontamento social.

Xa falamos da capacidade do goberno de Azaña e logo de Casares para afirmar a súa posición, tendo a unha parte do Exército de costas fronte ó seu proxecto, e outros –os menos– abertamente enfrontados procurando xa de xeito directo a insurrección. Nestes meses houbo notables cambios institucionais: a máxima autoridade do Estado, o Presidente da República Alcalá Zamora, foi cesado tras iniciarse a lexislatura; as sesións de Cortes foron interrompidas en tres ocasións; a convocatoria electoral municipal para mediados de abril foi suspendida tras facerse pública; os trocos nas designacións de corporacións locais; os cambios nos Gobernadores Cívís...

Toda esta situación foi aproveitada pola dereita política, liderada por Gil Robles e Calvo Sotelo, para incrementar o clima de crispación social a través de redes organizadas de informadores que lles indicaran que pasaba nos Concellos da FP, circunstancias que eran pregoadas intencionadamente dende o seu escaño. Dende logo, a súa intención primeira era realmente tensar a corda o suficiente para crear un estado de opinión negativo ante un goberno de esquerdas necesitado de todos os apoios posibles. A conxunción das dúas vías: a pública no parlamento e a clandestina na preparación da conspiración semellan estar relacionadas e vencelladas, mesmo diríamos que supeditada á actitude dos militares golpistas.

A CONSPIRACIÓN DA SUBLEVACIÓN. OBXETIVOS COMÚNS DOS GOLPISTAS

Mais, cales eran as intencións reais para o futuro do grupo de militares que pretende dar un golpe de Estado? Esta é a pregunta clave, e en principio podemos dicir que do que se deduce das súas apreciacións previas non había moita unanimidade ó respecto, mais que nunha cuestión: parar as actividades do goberno da República da FP. De feito, aínda que o tempo variou a perspectiva, o golpe militar de 1936 asemellábase en moito ó plantexado por Sanjurjo no ano 1932, e incluso por Primo de Rivera en 1923. Plantexábase máis como un pronunciamento militar que vai acadando os apoios dos distintos cuarteis que como un golpe conservador de matiz moderno, semellante á Marcha sobre Roma ou o Putsch de Munich. Non en ván detrás da tradición insurreccional latexante de boa parte do estamento militar, atópanse certos elementos comúns que delatan que o que se perseguía era o retorno ó vello poder da Dictadura de Primo de Rivera.

As charlas previas, a conspiración e a sublevación final de xullo realízase co obxectivo de ir contra un rumbo gubernativo determinado, non para ordear unha situación de violencia institucional previa á xullo de 1936. Tampouco non é que a violencia política non existira nos anos anteriores, máis non nesa intensidade, como acontecía en boa parte

das sociedades europeas de entreguerras. A partir desa data esta violencia adáptase a unha nova realidade, e tamén o discurso modulador e racionalizador dos golpistas acóplase a unha situación de conflito bélico.

Dous son os demos a batir. Un, o xa indicado da *política*, e concretamente dos chamados profesionais da política, discurso que procede do militarismo máis reaccionario. Máis tamén contra os *funcionarios*, o outro pivote da xestión do Estado, necesario e indispensable para a construción dunha sociedade desenvolta, democrática e representativa. As denuncias contra todos eles, mais moi especialmente dos segundos –pola súa incorrecta xestión dos recursos públicos–, cuestionaba de feito o papel intermediador do Estado coa súa sociedade. É evidente que esta crítica non ten nada que ver co papel que o Estado ten reservado nos proxectos fascistas ou nacional socialistas. O que se procura eiquí como bandeira común de enganche á sublevación é frear as reformas da FP, que se están a realizar de xeito rápido, e facer retornar ó poder ás vellas e tradicionais elites de poder do Estado. O mesmo Florentino González Vallés, Teniente Coronel da Guardia Civil con importantes relacións con destacados dirixentes do Bloque Nacional, ademáis de ser ún dos máximos dirixentes da sublevación na Coruña e logo máximo responsable da DOP das provincias da Coruña e de Lugo tras o golpe militar, nunha declaración súa abordaba a posteriori o tema do golpe fracasado de abril e as detencións que houbo nos Cuarteis herculinos. González Vallés facía unha reflexión persoal na que diferenciaba o proxecto concreto da sublevación do fascismo¹¹. O plantexamento común da sublevación era un discurso reaccionario, vello, caduco, conservador, tradicional e estático. Dende logo nada coincidente, coa modernidade que representaba naquela dentro do conservadurismo o fascismo, mais que na medida en que podía axudar ó obxectivo final do triunfo.

De feito nos primeiros deseños de Mola, considerado o ‘director’, o coordinador do golpe militar, non había nengún tipo de proposta que se asemellara a unha alternativa de cambio de sistema. O que Mola pretendía era montar un gabinete ‘apolítico’. Todo o mundo coñece ademáis que boa parte dos bandos declaratorios do estado de guerra realizados polos militares sublevados citábanse textualmente os ‘vivas á República’ e mesmo os conceptos máis tópicos que animaran á revolución francesa –como o mesmo Xeneral Franco–. O único programa referencial neste senso, o elaborado o 5 de xuño por Mola, era de todo menos concreto, xa que pretendía aglutinar a maior cantidade de opositores á FP¹². O chamamento á formación dun fronte ‘cívico-militar’ que facía Mola nesas primei-

11 Textualmente decía o seguinte:

Todos los que fuimos encarcelados en aquel mes de abril nos señalaban como fascistas; ATMT N° IV, Causa 613/37, páx. 210.

12 *Era... un documento tan terminante como completo e, incluso, contradictorio en algunos aspectos. Destruía y pretendía conservar, al mismo tiempo, el régimen republicano. Y, además, hablaba de un nuevo ‘sistema orgánico’ del Estado. Junto a medidas económicas que eran meros tópicos al uso, hablaba de reforma agraria y de mantener las reivindicaciones obreras. El documento negaba, pues, implícitamente toda posibilidad de restauración monárquica inmediata y remitía el asunto a un Parlamento constituyente...*

No era una sublevación monárquica, tenía inspiraciones fascistas, rechazaba el integrismo católico y presentaba ciertos pujos ‘regeneracionistas’. Era, en último análisis, un completo galimatías propio

ros intres quedou prácticamente en nada. De feito, en moitos lugares do Estado os grupos civís previstos nin tan siquiera apareceron. A participación en Galicia foi predominantemente militar mais con certas aportacións civís, e incluso de partidos políticos concretos. Á marxe da Falange que funcionou antes e despois do 20 de xullo como o principal elemento de apoio civil en Galicia –xunto as milicias paramilitares, sumadas nos primeiros momentos mais xa tras o control da praza respectiva–, o certo é que nas horas previas á sublevación nos cuarteis protagonistas de localidades como Santiago ou A Coruña atopábanse membros –e grupos– de organizacións políticas como as xuventudes da CEDA ou dirixentes notables do Partido Radical. Mais estas excepcións non implican que se deduza necesariamente delo unha importante participación civil no momento mesmo do golpe.

Mais voltemos outra vez ó principio: a derrota electoral da dereita monta tertulias e grupos de militares –e civís– que queren aproveitar a ola levantada polo clima de crispación da propaganda electoral. Tamén nos cuarteis falábase intensamente desto, concretamente nos da Guardia Civil. A primeira xuntanza da que temos constatación de que se falou do negativo da chegada da FP faíse neses mesmos días finais de febreiro no despacho dun Coronel da Guardia Civil –posiblemente González Vallés ou Benito de Haro– nos que se atopaban os Capitáns Rañal, Varela e Leseduarte, ademáis dos Tenentes Aranguren, Santos e Lorenzo. Nela tamén estivo o Comandante Rios, quen non se amosou disgustado coa victoria da FP, según a testemuña¹³.

En marzo as xuntanzas encamiñáanse xa directamente á preparación dun golpe de estado, según declaracións do mesmo Teniente Coronel González Vallés¹⁴. De feito, tamén hai referencias sobre a posibilidade de realización dun golpe nese mesmo mes de marzo, concretamente para os seus días finais, mais que semella que non se levou adiante polo paso atrás dos sectores do Exército que non viron moitas posibilidades de triunfo¹⁵.

Mais a tentativa fallida máis importante tentouse en abril, concretamente para as datas do 19 ó 20¹⁶. A planificación deste golpe atopábase tamén dirixido por sectores militares. De feito, a súa estrutura estivo moi traballada, xa que con data do 8 de abril de 1936 existe un *Plan de Defensa de la Plaza de La Coruña en caso de alteración de Orden Público* –calificado de *reservado*–, que explicita como se debe realizar a *ocupación y defensa de la plaza de La Coruña*. O máis curioso non é esta planificación, que poidera ser atribuída á burocracia militar, senón tres puntos: a coincidencia das datas coas previstas

de la mentalidad típica del Ejército de los veinte y treinta, con ciertas concepciones, tal vez debidas a políticos de la derecha autoritaria pero no militarista; Aróstegui, J., (2006), *Por qué el 18 de julio... Y después*, Flor del Viento, Madrid, páxs. 163-164.

13 ATMT N° IV, Causa 613/37, páx. 307b.

14 Indica tamén que a estas xuntanzas de marzo e abril *preparatorias del glorioso movimiento Nacional* atopábanse os Capitáns Varela e Rañal; idem, páxs. 209b-210.

15 Moitos destes mandos militares que foron avisados para a realización dunha sublevación en marzo, xa non foron chamados ós días posteriores, levándose a conspiración de ahí en diante moito máis en secreto; ATMT N° IV, Causa 962/36, páx. 18.

16 Resulta moi curiosa constatar neste caso a coincidencia coas datas previstas para a sublevación de xullo posterior, máis tamén coas datas das eleccións de febreiro dese mesmo ano e a toma do poder pola FP.

inicialmente para a sublevación de abril; a aparición xunto a estes papeis de consellos de actuación asinados o 13 de febreiro polo mesmo Xeneral Franco como responsable do Estado Maior Central; e tamén, que a estrutura no papel vérase posteriormente reflectida a partir do 20 de xullo, coa ocupación efectiva da cidade polas forzas sublevadas, seguindo eses e non outros plantexamentos¹⁷. Ante esta documentación –e moitas outras que aparecen nos arquivos consultados de todo o Estado– resulta obvio citar outra vez para desmentir o mito esgrimido polos sublevados da *nación en armas* ante o asasinato de Calvo Sotelo.

Mais, ¿quén estaba detrás desta tentativa? Á marxe do exercito, boa parte dos mandos da Guardia Civil atopábanse insertos nesta conspiración. Están os que algún deu en chamar ós *incondicionales del Sr. Haro*, que constituían lo que en términos corrientes se llama la camarilla, que la forma el Comandante Sr. Rogina ..., el Capitán Suances, el Teniente D. Rodrigo Santos, el Brigada Sr. Santos¹⁸. Detrás do Teniente Coronel Benito de Haro atópase toda esta estrutura golpista da Guardia Civil, que xa están conspirando dende abril, e que por unha ou outra razón, aparecerán tamén dirixindo persoalmente a conspiración de xullo en Galicia aínda dos seus respectivos traslados. Estes primeiros nomes presentaríanos boa parte da rede da sublevación en Galicia: os mandos da capital herculina –con de Haro e os irmáns Santos Otero–, Rogina en Ourense¹⁹, Victoriano Suances en Lugo –que conectaba como enlace coa cidade ferrolana *por tener muchos familiares en la Marina de Guerra Española*–²⁰... Hai que salientar o feito de que todos estes mandos andan dando voltas polos cuarteis das catro circunscripcións galegas durante a República, no período da Frente Popular e tamén tras o golpe militar nos anos da guerra. O coñecemento do terreo que pisaban era notable. A eles, que serían as principais pezas da sublevación na Guardia Civil das provincias galegas, engaderíase un novo elemento: o Capitán José Leseduardo González, residenciado durante o goberno da FP en Lugo. Dirixíndoos na súa cúspide, nun nivel semellante ó de Benito de Haro, Florentino González Vallés. Con él a estrutura atoparíase practicamente pechada.

Mais o certo é que a sublevación nestas datas de abril fracasou. Posiblemente porque a súa extensión era reducida. No caso concreto de Galicia, foi un Guardia Civil aconsellado polo Comandante Monasterio o que denunciou o complot, acudindo directa-

17 ATMT N° IV, Causa 413/36, páxs. 433-440.

18 ATMT N° IV, Causa 1598/37, páx. 3.

19 O Comandante Tomás Fernández Rogina atopábase nestes días en Ourense amosándose contrario ó sistema republicano dende os seus inicios: vencellou a súa carreira á de Sanjurjo xa en 1931, e no ano 1932, no mando da Comandancia de Lugo, ordeou lle fora retirado do seu despacho a alegoría da República; idem, páx. 28b.

20 O historial de Victoriano Suances Suances nos anos previos colocábano como un dos sinalados para o complot: citado en varias ocasións polas súas actuacións en Marrocos, foi recoñecido pola súa actuación contra o movemento anarquista desenvolto na provincia da Coruña dende decembro de 1933 tras a victoria das dereitas, e tamén polas súas actuacións fronte á folga xeral revolucionaria de outubro de 1934; idem, páxs. 11 e 19.

mente cara ó Ministerio de Gobernación de Madrid para falar do asunto. Nesta viaxe cara á capital da República foi directamente acompañado pola muller do Gobernador Civil, Juana Capdevielle.

Algúns mandos implicados na sublevación foron retidos en prisión. Este feito provocou mesmo que se pensara en tomar medidas desesperadas, mesmo o asalto da cadea. González Vallés cita que varios oficiais militares tentaron na mesma data do 18 de abril sacalos da prisión, tras unha visita que lle fixeron no que lle indicaron que *estuvieramos preparados en la noche de aquel día que vendrían a sacarnos de ella entregándonos armas cortas de fuego*²¹.

Tras telegramas de denuncia dos feitos por parte do Gobernador Civil e varios deputados, e tras a xestión directa en forma de testemuñas diante do Ministerio de Gobernación, o 24 de abril o Comandante Monasterio mandou chamar ó despacho a varios destes implicados para comunicarlles as súas sancións de traslado de xeito inmediato a outras localidades do Estado. Concretamente ó Tenente Rodrigo Santos Otero lle comunicaron o seu traslado a Jaén. A escea describe a él mesmo meses máis tarde:

*No pudiendo contenerse entonces y en una explosión de sentimiento por la veja-ción que con él se cometía, reaccionó virilmente y dijo sin ambages ni rodeos al Comandante que no cumplimentaba aquella orden por considerar que ella envolvía un atropello inicuo que no podía consentir ni como hombre, ni como Oficial del Ejército. Que a pesar del estado de nerviosidad en que se hallaba, era consciente del acto que realizaba y de la responsabilidad en que incurría, que estaba dispuesto a afrontar hasta con la vida; pero que antes de que esto ocurriera y dada la ruina que suponía para el manifestante, llegaría incluso a quitar del medio a los causantes*²².

O Capitán Victoriano Suances tamén recibiu a nova do seu inmediato traslado a Calahorra. A súa despedida das forzas ó seu mando realizada na Comandancia de Lugo o día seguinte, o 26 de abril, tampouco foi nada amable coas institucións republicanas:

Los que se rebajan asimismos igualándose a las bestias, por que únicamente se preocupan de satisfacer sus necesidades animales, tratarán de conducirnos enarbolando por bandera un garbanzo. Yo que tengo de vosotros y de mí mismo un concepto más elevado, os señalo la estela del honor que no es sólo poética si no que está sembrada de renuncias, dolores y abnegaciones capaces de soportar tan sólo por las almas templadas para la lucha y que son asimismo, aunque no lo parezca, las más felices porque la felicidad no consiste más que en procurar que marchen hermanadas nuestra conducta y nuestra conciencia y por muchos adjetivos que dediquemos a los traidores, invertidos, degenerados, materialistas y cobardes, ninguno hará tanta mella en su animo como el desprecio que a pesar suyo se tienen asimismos.

21 ATMT N° IV, Causa 613/37, páx. 210.

22 ATMT N° IV, Causa 1598/37, páx. 13.

Neste duro discurso, Suances tampouco se recatou de avisar de que non renegaba das súas intencións golpistas:

*No renuncio al doloroso deber que las circunstancias me imponen de decirlos adios... o hasta pronto... Constituyendo para mí inmensa satisfacción y orgullo el haber tenido a mis órdenes a un personal que seguro estoy de que en cuantas ocasiones puedan presentarse de peligro para la Patria y destinos de la Nación, patentizarán el espíritu viril, militar y profesional de que está animado*²³.

Sen embargo, aínda deste traslado de mandos as expectativas do goberno republicano víronse defraudadas nos días seguintes. E elo por dúas circunstancias. A primeira delas, que boa parte dos traslados quedaron practicamente sen efecto: tanto as sancións de De Haro, como de González Vallés, ou do mesmo Rodrigo Santos Otero foron atemperadas, sobre todo polas presións recibidas nas institucións republicanas por parte dalgúns compañeiros do corpo, coñecedores do malestar que dentro dos cuarteis podía xenerar esta medida²⁴. Os mesmos mandos da Guardia Civil coidaron moi moito nestes días cuidar á tropa da propaganda golpista realizada ata o mes de abril. O Tenente Rodrigo Santos Otero decía o seguinte deste traballo de concienciación realizado polo Tenente Coronel Clarés:

El Teniente Coronel fraternizaba con los Oficiales para conquistarles diciéndoles en tono jocoso y aún de mofa que lo pasado en Abril no podía considerarse más que como una empresa de ilusos no explicándose como no estaban todos en la Carcel y que las medidas adoptadas en la Guardia Civil con los traslados de unos cuantos Jefes y Oficiales no podría ser causa justificada para actitudes extremas frente al Gobierno, pues lo mismo se hacía en tiempo de la Monarquía, tratando con ello de justificar el odio del proletariado contra la Guardia Civil en la circunstancia de que ésta había

23 Idem, páx. 18.

24 Santos Otero cita o seu caso do seguinte xeito:

La tarde del día veintiséis siguiente fue llamado por el Comandante para comunicarle que al fin y después de varias conferencias telefónicas que el mismo había sostenido con el Ministro de la Gobernación y el Inspector General, quedaba sin efecto el traslado a Jaén pero que tenía que hacerlo a la Línea de Betanzos. Que volvió a suscitarse una ligera polémica sobre las razones de este traslado con el que al fin se conformó el manifestante bajo la promesa formal del Comandante de mantenerlo concentrado en la Capital, para que con una licencia por enfermo que podía obtener, transcurriera el tiempo hasta el mes de Septiembre, que había de producirse vacante en la Línea de Santiago, para cuyo destino tenía el que expone el número uno.

Que en esta situación y sin dejar de conspirar un momento con sus compañeros, contra el gobierno del 'Frente Popular', solicitó y obtuvo dos meses de licencia por enfermo, con fecha veintiuno de Mayo...

Que si bien es cierto que el Comandante Monasterio, tenido como rojo y vasallo al servicio de dicho frente, se interesó para que quedara sin efecto el traslado, cree el declarante que fue debido a la escena violenta que tuvo con él, al comunicarle la orden del mismo y tener en esta Comandancia tres hermanos, uno Suboficial, otro Sargento y el otro Cabo, y no convenir en la táctica socialista que desarrollaba... siendo la finalidad de esta táctica halagar a la tropa para tenerla dispuesta en contra de sus Jefes; idem, páx. 13b.

*tenido el error de ponerse al lado de los poderosos con menoscabo, a veces, de los derechos del humilde, diciendo siempre pensarán en el acatamiento al poder consituído*²⁵.

O certo foi que nos meses seguintes de maio e xullo á sublevación se lle engadiron novos apoios. Posiblemente neste incidira a actitude tomada polo Xefe do Consello de Ministros, Casares Quiroga, de procurar o apoio das organizacións sindicais, ademáis de intensificarse dende a tribuna parlamentaria o clima de crispación política pola actitude dos voceiros da dereita Gil Robles e Calvo Sotelo. Destes días é a planificación futura do golpe do ‘Director’ Mola, e tamén os desfiles de primeiro de maio, unha das lembranzas máis citadas na memoria dos que viviron aqueles días, tanto de dereita como de esquerda.

Nestas datas vanse incrementando o número de enlaces, sobre todo dende os cuarteis militares. Así entran na escea o Comandante Gutierrez de Soto e o Capitán Oliete nos ámbitos próximos ó Xeneral Salcedo, para tentar convencelo de que apoie a sublevación para frear o rumbo do goberno da FP. O Comandante Xurídico Garicano Goñi, tamén destinado na Coruña, realizou constantes viaxes á Pamplona, localidade onde se atopaba destinado Mola, e onde mantiña un papel moi concreto de enlace directamente coa cúpula organizativa da sublevación, mesmo ata as últimas datas previas á sublevación do 18 de xullo, nas festas de San Fermín, e co consentemento de desprazamento –aínda que non coñecemento das xuntanzas– do mesmo Salcedo.

Agora si que a causa común de todos eles é retardar e paralizar as reformas do goberno republicano da FP. En febreiro só se podían facer especulacións, mais cun Casares Quiroga á fronte do goberno, sei que a templanza e moderación de que facía gala o novo Presidente da República Azaña é agora moito menos valorada pola dereita. Sospeitase da redución de perda de influencia na política diaria de Azaña. De feito, Casares tiña a manifesta e expresa intención de acelerar o paso das reformas da Frente Popular²⁶.

25 ATMT N° IV, Causa 613/37, páx. 308.

26 Na sesión parlamentaria do 19 de maio de 1936, momento no que Casares Quiroga presenta o seu gabinete, tras facer unha comparación co ritmo imposto polo anterior ocupante da Xefatura do Consello de Ministros, Manuel Azaña, declara o seguinte:

La única diferencia que podría haber, si la hubiera, es una ciertamente poco grata para mí. Es la diferencia que antes señalaba entre la figura ingente, señera en la historia política contemporánea de España, de aquel que ocupaba la cabecera del banco azul hace un mes, y esta pobre figura que hoy se presenta ante vosotros representando al Gobierno de la República. Pero esta diferencia, mi propia dignidad de político y de gobernante me obliga a salvarla de alguna manera, y ya que no puede ser salvada en el fondo ni en la forma del programa, yo tengo que salvarla con lo único que me es dado hacer: con una aceleración del ritmo, con un apresuramiento en la marcha de la labor legislativa, con un ímpetu, con una velocidad que responda exactamente al ímpetu que yo quiero representar del Frente Popular que me apoya. No es que vayamos nosotros, los que ocupamos hoy el banco azul, a caer en el atropello o a cegarnos en el vértigo por apresuramiento; pero si necesitamos dar a nuestra labor una intensidad, una velocidad de ritmo que no podía haber alcanzado hace dos meses, hasta haber tomado pie en los Ministerios cada uno de los titulares de las Carteras. Hoy es indispensable que este ritmo sea acelerado; citado en Grandío Seoane, E. (ed.); (2006), *Casares Quiroga. Discursos Parlamentarios*, Edicións do Castro, Sada, páx. 260.

Os rumores de golpe seguen sacudindo ó Estado. A pregunta que se plantexaba naquelas datas non era se se estaba a conspirar, que xa era un feito, senón cando tería lugar o estoupido e cómo. Ata en tres ocasións no mes de xuño o Ministerio de Gobernación enviou ós Gobernadores Cívís a orde de non ausentarse dos seus postos dadas as circunstancias²⁷. Houbo nestes días moitísimos contactos, realizados a partir de enlaces de distintos tipo: dende membros das Brigadas de Investigación do Goberno que se atopan en Galicia tentando palpar o ambiente de sublevación—moi intensos no mes de xullo—, ata contactos entre as distintas forzas políticas —sendo moi utilizados neste momento membros tanto dos sectores máis radicalizados da CEDA, do Bloque Nacional, dos carlistas e moi especialmente da clandestina Falange, que ten como proba a ‘xira’ galega de Hedilla nas datas inmediatamente previas á sublevación—. Mais tamén hai moito movemento entre enlaces militares, de todos os corpos —dende a Guardia de Asalto ata os Carabineiros—, mais especialmente do Exército e a Guardia Civil. Un destes mandos, logo encausado, citaría parte dos acordos ós que se chegou nesas datas:

Con los Jefes y Autoridades de la plaza no cambió impresiones, pero si con agentes de enlace recordando haber dicho al Capitán de Ingenieros señor Ramón que no debían declarar el estado de guerra de noche sino de madrugada para tener todo el día disponible y ver quién estaba en frente lo que era más difícil de noche...

*... Por tener poca fuerza para defender los cuarteles y fundándose sin duda en el acuerdo con los agentes de enlace de que la Guardia Civil saldría cuando lo hicieran las fuerzas del Ejército*²⁸

O motivo esgrimido polos responsables da Guardia Civil para non saír en primeiro lugar foi o espallamento das súas tropas, o que, según eles mesmos, se non se triunfaba nos primeiros momentos podían existir represalías directas e rápidas en distintos cuarteis —e mesmo nas súas familias—. Esta tese proba tamén unha circunstancia, logo negada sistemáticamente pola propaganda franquista: que o éxito do golpe non era tan seguro como cabía agardar.

Ata ese intre todas as experiencias golpistas anteriores durante a República fracasaran, ben pola natureza monárquica do mesmo golpe —caso de Sanjurjo no 32—, ben pola escasa preparación do mesmo —dende febreiro ata abril de 1936-. Eran lóxicas as dúbidas ó respecto. Ademáis, no caso das provincias galegas eran se cabe dun maior pesimismo xa que boa parte da estrutura golpista fora descabezada, ademáis de estar en alerta xa dende febreiro sobre a presenza da conspiración nos cuarteis. Os mandos das distintas guarnicións, sobre todo da Guardia Civil, foron alterados coa chegada de novas persoas. Aróstegui define a sublevación como unha *contrarrevolución preventiva*²⁹. Mais no que

27 Cruz, R.; (2006), *En el nombre del pueblo*, op. cit., páx. 210.

28 ATMT N° IV, Causa 613/37, páx. 311b.

29 Aróstegui, J., (2006), *Por qué el 18 de julio... Y después*, op. cit., páx. 231.

non había dúbidas nos seus responsables era no seu compromiso en acadar que a dirección da República tomara outro rumbo.

A SAÍDA DAS TROPAS. A SUBLEVACIÓN DO 20 DE XULLO

O golpe atópase planificado –e preparado, como proban todas as testemuñas, mesmo a contratación e envío do Dragon Rapide dende Gran Bretaña– para os días 19 e 20 de xullo, mais o asasinato de Calvo Sotelo poucos días antes, acelerou en horas –case en dous días, co 17 de xullo en Marrocos– o seu estoupido. Xusto, tres meses máis tarde, repítense as datas da pretendida sublevación de abril. E tamén, cando menos en Galicia, repítense os mesmos protagonistas.

A constante presión exercida polos enlaces sobre o Xeneral Salcedo para que se engadira a sublevación comenza a cundir certo efecto. Hai un momento no que Salcedo parece seguir os pasos dos golpistas. De feito, na mesma data do 18 de xullo, xa coa guarnición de Marrocos sublevada e en perspectiva de realizar o mesmo noutras da Península, Salcedo mantén directamente unha conversación telefónica directamente co Xeneral Mola, vencellando á presenza ou non á fronte da sublevación na actitude que tome o Xeneral Sanjurjo. Mola lle asegurou a Salcedo que Sanjurjo atoparíase en Burgos o día seguinte, e que cando chegara recibiría un telegrama coas ordes expresas de Sanjurjo. En vez diso, ás 18 horas e 8 minutos da tarde dese 19 de xullo recibe un telegrama do General *Delegado de General Sanjurjo o 6ª División* na que lle insiste en que *disponga se declare en esa división estado Guerra*. Salcedo rexeita o ofrecemento debido ó descoñecemento da situación da sublevación. Pouco tempo máis tarde, é o mesmo Martín Alonso quen vai persoalmente cara ó Cuartel, tras unha chamada realizada pola tarde, máis só pode chegar –debido a vixilancia dos milicianos na cidade– na noite do 19 ó 20. Aínda así Salcedo non se decide a dar o paso, e manterase fiel á legalidade republicana³⁰. Só a irrupción no seu despacho na mañán do día seguinte de varios mandos lle obrigou a ceder o mando, baixo ameazas e agresións físicas directas.

As reticencias de Salcedo viñan motivadas tanto pola desinformación que difundía dende o principio dos feitos –xa que practicamente é a partir do mes de abril cando lle informan das Comandancias de Lugo e Pontevedra da rede conspirativa inserta nos seus cuarteis–, como pola forte resistencia que se organizaba dende o 18 de xullo polas rúas coruñesas e por toda a súa provincia. As dificultades do mesmo Martín Alonso na noite do 19 por achegarse a Salcedo así o amosan. Ademais, a chegada á Coruña nesas mesmas horas de numerosos vehículos procedentes de toda Galicia para asumir a defensa da cidade símbolo da República propiciaron que nese fin de semana do 18 e 19 de xullo houbera numerosas patrullas de milicianos deambulando pola cidade. O Exército mantíñase en silencio, aínda que tamén con certa precaución ante a presenza real dos milicianos nas rúas.

30 ATMT N° IV, Causa 413/36, páxs. 380b-381, 386 e 389b.

Tras a exitosa realización do golpe na cidade e o seu escalonamento progresivo cara outros cuarteis galegos, a primeira impresión nestas primeiras horas nos golpistas debeu ser a de certo fracaso. O seu obxectivo inicial de cambiar a liña política do Estado a través dun golpe militar non se realizou. É mais: conseguíu o efecto contrario, acelerando a capacidade de resposta e resistencia das organizacións sindicais e demostrar a incapacidade do reformismo de esquerdas no goberno para controlar a situación plantexada. Ademais, a carga de violencia con que se amosaron nas primeiras horas e mesmo días –tal e como aconsellaban as disposicións previas de Mola– foi de tal intensidade que o efecto acadado foi precisamente o contrario do pretendido. Nestes primeiros días ata finais de xullo, a represión física directa diríxese especialmente contra os máximos responsables políticos. Na aplicación máis estricte do Estado de Guerra, se nos somete a xuízos tan sumarísimos que mesmo nalgúns casos non se ten nengún coñecemento de que se tiveran realizado: semella que non existiran. Do que si hai evidencias constatables é do resultado final desa aplicación da pena, como por exemplo no caso concreto e paradigmático do Gobernador Civil da Coruña Pérez Carballo.

Non, xa non era un pronunciamento do XIX tentando procurar que fora o mais incruento posible. Xa non nos atopábase nese tempo, senón noutro onde nunha situación de conflito social a violencia sobre a poboación civil comenzaba a extenderse, onde considerábase que a aplicación da violencia en política podía resultar beneficiosa, independentemente do campo ideolóxico onde se atopara.

O golpe fracasou. Non chegou a realizarse ese tipo de acceso ó poder da República. Mais aínda do fracaso conseguíu dous éxitos case inmediatos, decisivos para acometer un proceso de conflito bélico duradeiro. O primeiro deles é que de feito conseguíuse derribar o gabinete republicano de Casares, non directamente polo golpe máis si pola presión dos militares para realizar este troco, o que foi asumido por Azaña, como se observa na súa actitude. E o segundo foi o reforzamento do seu prestixio coa opción escollida polo mesmo Presidente da República. A tentativa de negociación do sucesor de Casares, Martínez Barrio, reforzou notablemente a autoestima dos golpistas, convertíndose nunha inxección de ánimo. Esta segunda victoria ‘moral’ reactivou os obxetivos dos golpistas, que tiveron nestes días notables vacilacións sobre o camiño a seguir. Sen acadar o obxectivo marcado cos medios dispostos, nestes xa foran tan lonxe –na aplicación real desa violencia– que non era nada doado unha marcha atrás. Á marxe do descrédito profesional que lles podía agardar e o tempo na conseguíte cadea, a aplicación dunha violencia tan extrema diferenciabaos das tentativas de golpe militar anteriores. O seu caso era singular. Nin tampouco a situación no bando republicano, necesitado xa inevitablemente dos apoios duns sindicatos enrabiados e combativos, facía visible unha posición de consenso. A solución para as mesmas institucións republicanas non era tampouco a máis óptima: voltar a unha república moito máis orientada á esquerda que a que deixaran o 17 de xullo, cun proceso de revolución social en marcha debido á espoleta da sublevación militar reaccionaria.

De feito o mesmo Mola, nunha carta dirixida a Franco o 25 de xullo, recomendaba que se establecera unha retirada de seguridade das forzas do norte cara o Douro, plan-

texando o reforzamento das súas liñas ante a imposibilidade da toma inmediata da capital, e mesmo lle recordaba a Franco a posición inamovible das súas forzas de África³¹.

O cambio de percepción respecto do acontecido para os mandos sublevados ten lugar por estas datas. É sumamente explicativo deste cambio nas súas intencións do troco das denominacións que recibe a sublevación e os feitos que acontecen en España polos informes que envían os diplomáticos británicos, localizados no arquivo do Foreign Office. O do día 17 leva o encabezamento de *Rebelión Española*. Os dos días seguintes teñen dous: ou ben *Revolta contra o Gobierno Español* ou *Revolución en España*. A partir do 28 de xullo o plantexamento diplomático da un xiro radical: *Guerra Civil Española*. Precisamente é nesa mesma data cando tanto a Xunta de Defensa Nacional do bando sublevado, como un decreto do Goberno da República declaraban os seus respectivos territorios como *zonas de guerra*³². O apoio das potencias fascistas á primeira ponte aerea da historia para pasar o Exército de Marrocos, decantou o futuro do golpe.

Dúas cuestións a desenvolver a partir desta evolución dos informes diplomáticos británicos. A primeira delas é o seu cambio de estratexia respecto dun proxecto de sublevación do que non sabían o seu desenvolvemento, e Gran Bretaña non é precisamente dos países que menos lle interese unha opción conservadora en España. De feito, as crónicas que fan nos días seguintes ó 17 de xullo, presentando dúas sociedades, presentaba xa o medo ó desbordamento do proceso revolucionario en España, que según os seus informes xa se estaba a verificar. A outra consecuencia que se pode sacar é precisamente o cambio de consideración do conflito: pasamos dunha sublevación militar dirixida especificamente –según os mesmos encabezamentos contra o *Gobierno Español*, non contra a República– á unha fractura social do Estado nunha guerra civil.

A MODULACIÓN DO DISCURSO DOS SUBLEVADOS. A RACIONALIZACIÓN DO GOLPE

Nestas datas abríase unha nova etapa para aqueles sectores que se decidiran a apoiar a sublevación militar. Nunha situación de conflito que podía durar máis ou menos tempo necesitábase non só ter a capacidade instrumental e a forza suficiente para percutir contra o goberno republicano, senón tamén ter unha idea, un proxecto que aglutinara á maior cantidade posible de poboación que permitira manter unidas as filas na base, na retaguardia. A elo se lle engadía uns custos que xustificaban: a grande violencia exercida nos primeiros momentos, sobre todo contra os representantes institucionais, o que non se lles permitía máis que saídas cara adiante.

Creóuse a partir destes intres unha República de conto, unha memoria sobre os feitos do sistema republicano –o que xa estaban a combatir nunha guerra–, unha nova interpretación sobre o rumbo que levou o réxime democrático, evidentemente sempre

31 Cruz, R.: (2006), *En el nombre del pueblo*, op. cit., páx. 266.

32 Citado por Cruz, R.: (2006), *En el nombre del pueblo*, op. cit., páxs. 257 e 258.

dende una posición moi interesada en crear un maniqueísmo entre *bos e malos*, entre *roxos e azuis*... é decir, o que reflicte unha situación de dúas trincheiras, unha guerra civil. Creo que debe insistirse neste aspecto por que ata fai ben poucos anos a historiografía non foi quen de desvencellarse totalmente deste plantexamento, produto da xeneración dun novo discurso durante os inicios do conflito, que foi reafirmado como unha especie de *tolemia colectiva* durante o franquismo e que continuou durante a transición.

Nun dos primeiros xuízos celebrados na Coruña o Fiscal Militar debuxanos esta paisaxe da II República:

Se demostró el entusiasmo en las calles cuando Don Manuel Azaña, hizo pública la trituración del Ejército, vino la revolución con su mano descarnada cuando el Marqués de Luca de Tena, habló y como consecuencia se produjeron los incendios de iglesias.

Poco después el alzamiento del General Sanjurjo en oposición a la concesión del Estatuto Catalán...

Después de las elecciones se consideró que las derechas no pertenecían a España como república; llega el año mil novecientos treinta y cuatro, se le dá el poder al Señor Lerroux, decano de los republicanos españoles, que juzgó oportuno apoyarse en derechas para mantenimiento del orden y al llegar al Poder estos hombres se produjo el movimiento revolucionario que culminó en Asturias donde se llevaron a cabo todo género de tropelías y desmanes... y después llega un momento en el que no se ve en España otra cosa que la revolución en marcha hasta las elecciones del dieciséis de Febrero...

Asistió España en esta fecha a la marcha de la revolución, consiguiendo los presos la libertad, para lo cual forzaron las cerraduras, pero como este estado de cosas no podía continuar, en los días diecisiete, dieciocho y diecinueve del pasado mes de Julio, las tropas del Ejército de África, se levantaron en un movimiento de carácter nacional y es entonces cuando las hordas marxistas y demás componentes de ese titulado Frente Popular cometen todo género de atrocidades, violando mujeres y asesinando Jefes, Oficiales, clases del Ejército y cuantas personas de orden consideran como obstáculo a la marcha de sus fines³³

Evidentemente esta citada revolución non existira ata que se sublevara ó mesmo Exército de Africa, e os presos foron liberados por un decreto de amnistía aprobado entre outros, polos propios sectores de dereitas que apoiaban precisamente este golpe militar. Entón, ¿cal era o referente de construción dunha identidade propia, máis ala dos alegatos contra o marxismo? ¿cales eran os seus referentes en positivo?

Un deles, seica ún dos mais importantes na procura da súa lexitimidade era a chamada á *Nación*. Esta, utilizada dende a Guerra de Independencia como referente último das sublevacións militares entendidas como cambios de orientación gubernamental, segue a ser utilizada. A *auténtica* Nación, a *tradicional e verdadeira*, atopábase secuestrada por unha serie de políticos que –e nese punto incidía tamén o mesmo Suances no seu

33 ATMT IV, Causa 207/36, pág. 275.

discurso de adeus da Comandancia de Lugo— atendían máis os seus intereses materiais —ó xa citado *garbanzo*— que ó interés da colectividade:

*Una de las cosas con que ha venido a terminar el actual Movimiento es con el reino de los cucos; en España no había hasta ese momento más que suicidas y los cucos*³⁴

Ese secuestro do auténtico rumbo da *Nación*, entendida dende a perspectiva conservadora, foi precisamente o que fixo que se culpabilizara non á sociedade española por consentir cos seus votos o cambio político, senón a unha determinada e concreta dirección política —que tiña nome e apelidos, según a súa argumentación— que enganaba á sociedade con vanas esperanzas e non con realidades:

*Después de las elecciones de Diputados a Cortes de Febrero último, en las que con amaños y falsedades obtuvo la coalición electoral llamada Frente Popular una mayoría que no respondía a la proporción de votos con que contaba el país, comenzó en la Nación una época de atropellos y abusos, que si al pronto pareció que se realizaban sin la aquiescencia del Gobierno, bien pronto pudo verse lo contrario por la actitud observada por éste en las Cortes*³⁵

A modulación do discurso é evidente. Nestes momentos, non hai unha crítica en concreto á República como sistema de goberno, senón ós seus gobernantes que levaban por un camiño nocivo —e errado— á *Nación*. Con elo acadamos o obxectivo marcado: é a auténtica *Nación* a que se levanta contra ó gabinete frentepopulista, e logo disto, xa cunha revolución en marcha no bando republicano, contra a mesma República. Mais en principio non hai unha crítica directa ó sistema parlamentario. Ese goberno non representaba á *Nación*: era un elemento extraño que se insertara nela... había que extirpar ese mal:

*Al estar definitivamente en pugna estos principios marxistas con el sentir de la mayoría de los españoles, y verse estos amenazados en sus creencias, en sus personas y en sus bienes por el Frente Popular que según noticias fidedignas procuraba armar a sus afiliados para dar la batalla final a los demás españoles, comprendieron éstos la traición que con ellos se cometía, pues se usaban los resortes del Poder para destruir la Nación española, y decidieron antes de morir a mano armada cuando sus enemigos juzgasen oportuno, alzarse con las armas en la mano contra un Gobierno y un partido político que los traicionaban como ciudadanos al no cumplir sus obligaciones gubernamentales, y que los traicionaban como españoles al pretender desfigurar y vulnerar las esencias de la Nación española*³⁶

34 ATMT IV, Causa 613/37, páx. 330.

35 ATMT IV, Causa 207/36, páx. 259.

36 Idem, páx. 259b.

Esta foi a lexitimación básica tanto do golpe militar, como da continuidade do conflito a través dunha guerra civil de tres anos, e tamén da pervivencia dun réxime dictatorial durante case cuarenta. Esta e non outra. Mais resulta sumamente significativo aludir á persistencia neste discurso de conceptos da democracia parlamentaria, tanto a xa citada non crítica directa ó sistema parlamentario máis tamén a aplicación directa do concepto de *ciudadáns*. Esa traición que os partidos de esquerda lle facían ós *ciudadáns*, esa argumentación baseáse en que hai a previa aceptación dun contrato social entre a *Nación* –o pobo– e os seus representantes. Aínda dos cinco anos algo calara na linguaxe xurídica, mesmo dos militares sublevados.

Mais a argumentación vai dotándose de contido propio, desenvolvéndose por si mesma, tomando un camiño determinado, cada vez máis afastada –lóxicamente– daquel sistema que combate directamente nas trincheiras. Na Causa Militar que xuzga os feitos dos responsables militares máximos da VIII División Militar, Salcedo e Caridad Pita, o seu Fiscal dí o seguinte:

No quiere el Fiscal que informa, y que tiene el honor de llevar la representación de la Ley Militar, que es la Ley de España en estos momentos, dejar de dar las gracias en nombre de Ella a todos los Jefes y Oficiales de esta Octava División que en instantes atroces y decisivos para la suerte de la Patria supieron recordar las leyes del honor y del deber; supieron arriesgar sus vidas en servicio de España y supieron algo más noble y más alto todavía, sentir la llamada de la Patria claramente y recordando a Daoiz, a Velarde, a Ruiz y a tantos héroes más, supieron desobedecer a sus Jefes naturales para obedecer únicamente a España, a la que exclusivamente pertenecían como militares y como españoles³⁷

Este cambio no discurso foi fundamental para acadar unha importante cantidade de apoios, mais precisaba dun elemento de maior empaque que provocara unha maior homoxeneización. E este atopóuno nun apoio moi explícito da xerarquía eclesiástica, sen ningún tipo de ambigüidade. Resulta curioso constatar como nestes primeiros bandos e alocucións a defensa dos valores católicos e dos seus representantes practicamente non se atopa. Este cambio prodúcese a partir de finais deste mes, mais hai que ter en conta o proceso revolucionario que se está a dar noutro lado da trincheira, onde se sinala ós eclesiásticos como obxetivos bélicos a neutralizar. A utilización do discurso católico cimentou notablemente o desenvolvemento da sublevación no plano ideolóxico, dotándolle dunha compoñente da que carecía en inicio. É a partir de mediados do mes de agosto, e non antes, cando nas comarcas galegas comenza a realizarse o elemento máis simbólico do cambio de réxime. Este non é nin a alocución dos novos dirixentes das xestoras, nin un desfile de camisas azuis, senón algo moito máis sinxelo e eficaz: a reposición do crucifixo nas escolas, previa procesión popular dende a parroquia. A Igrexa retomaba ó seu papel rector na dirección das sociedades locais.

37 ATMT IV, Causa 413/36, páx. 478.

Unha nova linguaxe impúxose dende ese momento, baseada no retorno dos poderes tradicionais, salpicado dun barniz de modernidade a través da estética falanxista. Exército e Igrexa repartíronse os papeis estelares durante o goberno da zona sublevada durante os anos do conflito, e puxeron as bases dun réxime que foi o máis duradeiro do século XX español. A súa derradeira lexistimación veu dada precisamente pola victoria nesta guerra, por manter e conservar a paz social dunha imaxe de conflito previo inventada. Democracia fronte a Dictadura, laicismo fronte a catolicismo... Desorde fronte a Orde. Un discurso maniqueo. Argumentación na que só existe o ben e o mal, o blanco e o negro sen grises... un discurso de conflito.